



Nos distintos espazos colocáronse tullas, metrosideros, arbustos en flor e plantas aromáticas | JORGE MEIS

O Campo das Cabazas gaña en verde logo dunha xornada de plantación de Equiocio

Entidades sociais participaron nunha acción na que se colocaron preto dun cento de plantas

REDACCIÓN FERROL

O Campo das Cabazas, en Covas, onde se leva adiante cada ano Equiocio, terá moito máis verde grazas a unha xornada de plantación, protagonizada por entidades sociais, e promovidas precisamente polo salón ecuestre, que desenvolve ademais nume-

rosas accións centradas na recuperación e conservación do medio ambiente.

Sumáronse representantes das 17 entidades que forman parte de Equiocio Social, así como Helena Barreiro, do departamento de Márketing de Gadis; a concelleira de Benestar, Eva Martínez; ou a delegada territorial, Martina Aneiros.

A zona de plantación dividiuse en catro partes con especies diferentes. Na pista central colocáronse tullas en todo o seu perímetro; na parte frontal da pista de quecemento plantáronse metrosideros; o lateral da mesma dedicouse a arbustos en flor e a zona contigua, que desde hai dous

anos alberga un xardín botánico, incrementou a súa flora con novas plantas aromáticas.

Foi, indican desde a organización, "un auténtico traballo en rede, colectivo e responsable en torno ao medio ambiente". Agradecen especialmente a participación da asociación ASCM, de Aspanaes e de Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, así como o apoio de Concello e Xunta e de firmas como Gadis, patrocinadora do certame.

A plantación levouse adiante na mañá do venres nos terreos nos que se celebra no verán a competición hípica, que son propiedade da Xunta de Montes de Covas e Esmelle. ●

Máis dun cento de sarxentos conclúen a súa formación na Escola Antonio de Escaño

REDACCIÓN FERROL

Un total de 110 sarxentos alumnos pertencentes á 83 promoción do Curso de Acceso á Escala do Corpo Xeral da Armada despedíronse a pasada semana da Escola de Especialidades Antonio de Escaño, nun acto de lectura de leis penais que se desenvolveu na súa praza de Armas e que estivo presidido polo comandante-director da Escola.

Pertencen ás especialidades fundamentais de Sistema, Armas, Comunicacions e Sistemas de Información e Enerxía e Propulsión. Chegaron á Escaño a principios de marzo de 2020 e despois de dous anos de formación incorpóranse hoxe mesmo á Escola de Suboficiais da Ar-

mada, en San Fernando, para finalizar a súa formación e recibir os Reais Despachos como novos suboficiais da Armada na primeira semana de xullo.

Celebracións

As celebracións en Ferrol do Día das Forzas Armadas comezan tamén hoxe con visitas de alumnos e profesores da Universidade da Coruña e de centros educativos de Ferrolterra á Escola Antonio de Escaño. Prolongáranse durante toda a semana.

Mañá levarase a cabo o torneo de fútbol-sala no que competirán os equipos da Escaño, da Esengra e dos Centros de Formación Profesional Ferrolterra e Rodolfo Ucha. Cara a finais de semana empezarán as portas abertas e os bautismos de mar. ●

O Sergas empregou os antivirais contra o covid en 24 pacientes da Área Sanitaria de Ferrol

REDACCIÓN FERROL

Os tratamentos antivirais que frean a evolución do coronavirus cara a formas graves da enfermidade aplicáronse na Área Sanitaria de Ferrol a 24 pacientes. O Sergas comunicou que, en toda Galicia, se teñen dispensados 318 nos centros sanitarios. O maior número correspóndelle á área que comprende toda a provincia de Lugo, con 80.

Os medicamentos son o Paxlovid e o Evusheld, fármacos que se engadiron a principios de

abril a outros para evitar que pacientes positivos cuns determinados condicionantes puidesen evolucionar cara a un estado grave da enfermidade, así como para evitar hospitalizacións naquelas que presentaban unha sintomatoloxía leve.

O Paxlovid sumínístrase vía oral e facilita un tratamento ambulatorio dos pacientes con factores de risco. O Evusheld adminístrase vía muscular, con dúas inxeccións, ten función preventiva, antes da exposición, e indícase a persoas adultas inmunodeprimidas. ●

MAIOS CATABOIS

9º FESTA DOS MAIOS
8ª FESTA DA ARTESANIA
E OPORTUNIDADES

SÁBADO 28
CONCIERTO MOVIL
En sesión Vermut
TALLERES INFANTILES
en horario de tarde

DOMINGO 29
Banda de Gaitas
En sesión Vermut